



ANÁLISE DO ESTADO ACTUAL DAS ESTRUTURAS DE MADEIRA DOS FORXADOS E CUBERTA DA CASA TRADICIONAL GALEGA NA ESTRADA DE SOUTOMAIOR Nº 30, ARCADE, PONTEVEDRA


AUTOR/A: Roberto Alfonso Barreiro.

DIRECTORES/AS: David Lorenzo Fouz.

CURSO 2019/20

RESUME: O obxecto é realizar un estudo de toda a estrutura, analizando o seu estado, as patoloxías existentes, tipo e grado da mesma, e como se ve afectada na estrutura. Indagase na orixe dos problemas e a que son debidas, para finalmente expor un informe do seu estado e as recomendacións que se deben ter en conta, para a súa durabilidade, ou para reutilizar nunha posible rehabilitación.

Tras unha inspección visual xa se coñecen algúns dos puntos con posibles patoloxías, logo identifícanse as especies e tipos de madeira existentes. Analízanse as condicións ambientais e o contido de humidade da madeira, e naqueles puntos onde non concorda co equilibrio higroscópico procúrase a procedencia do problema.



Focalízase nos sistemas construtivos onde se presente a patoloxía, os cales teñen que ser arranxados ou modificados, e expóñense unha serie de pautas para prever o avance ou sanealas pezas estruturais de madeira da forma máis eficaz posible coa finalidade de manter a súa durabilidade.

